

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN , CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN NEXOS DE DIDÁCTICA DE FILOSOFÍA PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA OLIMPIADA DE FILOSOFÍA E PARA O SEU RECOÑECIMENTO COMO PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA**

Santiago de Compostela, na data da última sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Ley 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril , e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

De outra, D. Roberto Constante Barral Blanco , no exercicio das súas competencias como presidente da Asociación Nexos de Didáctica de Filosofía (en adiante, a Asociación), entidade constituída desde 2012 con domicilio principal e permanente na localidade de Ames, rúa de Miradoiro, nº 14B CP 15220, e con poder suficiente para a constitución deste convenio, segundo consta na Lei Orgánica 1/2022, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

As partes recoñécense reciprocamente, no carácter con que interveñen, plena capacidade xurídica para a sinatura deste convenio e, a tal efecto,

### **EXPOÑEN**

I.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Ley orgánica 1/1981, de 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e grados, modalidades e especialidades.



Ademais, mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

**II.-** Que a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recolle nos seus artigos 102, 104, 105 e 106 o compromiso das administracións educativas na planificación da formación permanente do profesorado e no fomento das actividades de investigación e innovación, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.

**III.-** A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU, conta con 17 obxectivos, entre os que se inclúen a educación de calidade e a igualdade da muller.

A Estratexia para a Educación Dixital 2030, aprobada polo Consello da Xunta o 2 de setembro de 2023, pretende fomentar o ecosistema educativo dixital e perfeccionar as competencias e capacidades dixitais das comunidades educativas mediante a actuación nos ámbitos do alumnado, profesorado, familias, centros educativos e comunidade educativa en xeral. Establece, entre outras, a acción de impacto A3: IA, STEM, robótica e tecnoloxías intensivas; que inclúe accións específicas como as convocatorias de retos e concursos orientados á posta en práctica do pensamento de deseño, co-creación e solución de problemas e os premios baseados en desafíos. Neste contexto as olimpíadas científicas son actuacións que propician a mellora das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e fomentan a participación feminina en actividades STEM.

O 8 de abril de 2022, o Consello de la Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación da Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A RIS3, no período 2021-2027 aborda, a través da I+D+i, tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha parte, a Estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais e, pola outra, impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, ao redor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas. Os instrumentos, apoios, e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico, recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 4, busca impulsar as capacidades das persoas, potenciando o



modelo de especialización intelixente e sostible.

En consecuencia, as actuacións do presente convenio alíñanse coa RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo ao reto 2 (Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento) e á prioridade 2 (Dixitalización). Contribúe ao obxectivo estratéxico 4, integrándose, polo tanto, no programa Persoas e talento da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

**IV.-** No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción de proxectos de investigación e innovación educativa. A este efecto, co obxecto de poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

**V.-** A orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, recolle no seu artigo 37, a homologación e a participación do profesorado en proxectos de innovación impulsados polas administracións educativas como actividades de formación permanente. Determina, así mesmo, que a valoración en horas de formación para cada proxecto de innovación virá determinada na convocatoria correspondente ata un máximo de 50 horas por actividade.

**VI.-** Que a Asociación Nexos de Didáctica de Filosofía é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins:

- Promover entre o profesorado de filosofía de Galicia redes que permitan a interacción entre eles e a súa formación didáctica.
- Ofertar accións formativas dirixidas ao profesorado de filosofía, colaborando no seu caso cas institucións que comparten ese mesmo obxectivo.
- Promover accións formativas, relacionadas co ensino da filosofía, dirixidas ao alumnado de calquera nivel educativo, así como incentivar a súa participación en certames, concursos, etc., en especial a Olimpíada Filosófica de Galicia.

**VII.-** Que é de interese para a Consellería e para a Asociación establecer un programa de acción para incentivar e mellorar o ensino e a aprendizaxe da filosofía, así como afondar nos coñecementos desta materia no marco do ensino secundario, nos centros de Galicia, a través da organización e desenvolvemento da Olimpíada de Filosofía.

**VIII.-** Que a Asociación é a responsable da organización da Fase Local da Olimpíada de Filosofía en Galicia (Olimpíada Galega de Filosofía).

Consecuentemente con todo o indicado, a Consellería e a Asociación manifestan a súa vontade de asinar este convenio, de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Asociación Nexos de Didáctica de Filosofía ,para o desenvolvemento de accións dirixidas a impulsar e coordinar a organización conxunta da Olimpíada de Filosofía galega.

Así mesmo, ten por obxecto o recoñecemento ao profesorado como actividade de innovación educativa, das actividades derivadas da preparación e acompañamento do alumnado participante nas fases galega e nacional da Olimpíada de Filosofía.

Do mesmo xeito, ten por obxecto promover a formación do persoal docente e a súa actualización metodolóxica e científico-tecnolóxica, así como fomentar neles a necesidade dunha aprendizaxe activa e participativa, onde se impulse o método científico e, por último, ampliar as súas competencias profesionais mediante unha formación axeitada en temas de innovación e investigación educativa.

### Segunda. Compromisos das partes

#### 1. A Asociación:

Mediante a sinatura deste convenio, a Asociación comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Elaborar os materiais para a difusión das probas (carteis, folletos, etc.) correspondentes ás fases locais galegas da Olimpíada de Filosofía, nos que debe aparecer o logotipo institucional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Facilitar á Consellería o dito material para a súa difusión nas plataformas de acceso público e específico do profesorado.
- Elaborar as probas correspondentes ás fases locais e realizar a súa distribución polas sedes onde terá lugar, así como xestionar os locais onde se celebrarán as probas.
- Difundir a celebración da olimpíada, tanto aos centros de ensino galego como á sociedade en xeral, mediante as redes sociais, os medios de comunicación,



envío da información aos centros de ensino, etc... dándolles prioridade aos centros de ensino con etapas a onde a dita olimpiada vai dirixida.

- Informar ao persoal docente da existencia dun recoñecemento e homologación da súa dedicación á preparación e acompañamento do alumnado para as fases galega e nacional da Olimpiada de Filosofía.
- A corrección e publicación dos resultados das fases locais e a comunicación daqueles participantes que representan a Galicia na fase nacional.
- Convocar e xestionar o acto de entrega de galardóns e diplomas correspondentes á fase local e comunicarlle á Consellería a súa data, co envío da correspondente invitación ao acto.
- Xestionar a inscrición e o desprazamento dos participantes á fase nacional, incluíndo a hospedaxe e/ou manutención no caso de que non se faga cargo a organización da Olimpiada nacional, así como facilitar o responsable ou os responsables que acompañarán aos participantes nesta fase.
- Entregarlle á Consellería unha memoria final de acordo co previsto na cláusula sexta deste convenio.
- Respetar a obriga imposta polo artigo 57.1 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, no que se establece que todas as persoas deben cumprir como requisito, para poder acceder e exercer unha profesión ou actividade que implique contacto con menores, non estar condenado, por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, trata de seres humanos ou explotación de menores, dando cumprimento o Convenio relativo á Protección dos Nenos contra a explotación e o abuso sexual, do 25 de outubro do 2007, e a Directiva do Parlamento Europeo e o Consello 2011/93/UE, do 13 de decembro do 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración das actuacións no marco da avaliación da RIS3 de Galicia ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

## 2. A Consellería

Pola súa parte, a Consellería comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Apoiar e difundir as fases locais da Olimpiada de Filosofía (Olimpiada Galega de Filosofía), e a participación na fase nacional.



- Recoñecer estas fases como actividades de innovación educativa cunha certificación ao persoal docente participante equivalente a 15 horas de formación permanente do profesorado no caso da fase autonómica e 25 horas na fase nacional. Se un/unha docente participa en ambas fases, recibirá un único certificado cunha equivalencia de 40 horas de formación permanente do profesorado.

### **Terceira. Comisión de coordinación, seguimento e avaliación**

1. Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación composta por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes, presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

2. As funcións da comisión serán as seguintes:

- a) Realizar o seguimento das actividades relacionadas co presente convenio.
- b) Propoñer medidas que poidan servir para a mellor realización das actividades previstas.
- c) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento do convenio que poidan xurdir.
- d) Calquera outra que se derive deste convenio.

3. O réxime xurídico desta comisión será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.

### **Cuarta. Difusión de accións**

Na difusión das accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento deste convenio (publicidade, comunicación, información, folletos, etc) figurará de forma expresa a Asociación na olimpíada conxuntamente coa Consellería.

### **Quinta. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen



personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>).

Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Sexta. Xustificación das actividades**

Unha vez rematada a Olimpíada de Filosofía, e a correspondente fase nacional, desenvolvida durante o exercicio no que se aproben as actuacións, será preceptiva a súa xustificación por parte da Asociación ante a Consellería, a través dunha memoria final de execución na que constará a certificación da relación do profesorado participante.

A memoria presentarse por vía electrónica a través do formulario PR004A – Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén con un sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e dirixido á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa co asunto: Memoria da Olimpíada de Filosofía nun prazo máximo de 2 meses desde a finalización da última proba da Olimpíada.

#### **Sétima. Financiamento**

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes asinantes.

#### **Oitava. Información básica sobre protección de datos persoais**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia,



Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.

2. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais, neste procedemento prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Ambas as partes comprométense a cumprir os deberes que se derivan da normativa en protección de datos que se desprenden da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a formalización e o desenvolvemento adecuados deste, e con base no disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

### **Novena.- Réxime de modificación do convenio**

A Consellería e a Asociación poderán modificar o presente convenio coa finalidade de mellorar os obxectivos do mesmo. En calquera caso, dita eventual modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

### **Décima. Vixencia**

Este convenio estará vixente durante catro anos desde a data da súa sinatura. Con anterioridade á finalización da súa vixencia, por acordo unánime das partes, poderá



prorrogarse por outros catro anos, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, salvo que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

### **Décimo primeira. Causas de resolución**

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga.
- b) Acordo unánime dos asinantes.
- c) Incumprimento total ou parcial dalgún das súas cláusulas.
- d) Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.
- e) A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.

### **Décimo segunda. Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir cos deberes da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A tal fin, as partes asinantes aceptan que o texto do Convenio sexa publicado no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

A Asociación acepta e consente a remisión do Convenio, despois da súa firma, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **Décimo terceira. Normativa aplicable e xurisdición**

1. Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, así como no disposto na Lei 40/2015.

A exclusión deste convenio do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, non impide a aplicación dos principios recollidos na citada lei, para resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, tal e como establece o seu artigo 4.



2. A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

E como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da última sinatura dixital.

O Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	O presidente da Asociación Nexos de Didáctica de Filosofía
Román Rodríguez González	Roberto Constante Barral Blanco

